Participa na Consulta Pública do reto 7 de novas terapias celulares avanzadas de PRECISAÚDE

O Servicio Galego de Saúde (SERGAS), a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), impulsan un novo Plan de innovación sanitaria, PRECISAÚDE, que aspira a mobilizar ó redor de 20 millóns de euros cofinanciados con fondos FEDER do POPE 21-27, a través da liña de axudas FID do Ministerio de Ciencia e Innovación e Universidades.

No marco do seu reto de terapias avanzadas, despois de realizala Consulta Preliminar ó Mercado e logralo financiamento necesario para levar a cabo o reto, conta cun presuposto estimado de 4,18 millóns de euros ata o 31 de decembro do 2029 a executar mediante a modalidade de Compra Pública Precomercial (CPP).

O obxectivo desta Consulta Pública é obter información máis actualizada das solucións innovadoras no ámbito das terapias celulares avanzadas que aínda non estean no mercado. Isto permitirá o SERGAS definir os requisitos e a estratexia de contratación pública de innovación e deseñar así a futura licitación de Compra Pública Precomercial do Reto 7 do plan PRECISAÚDE.

Como participar?

Os axentes interesados en participar na consulta pública deberán cubrir o **formulario online** accesible na URL https://precisaude.sergas.gal/cartafol/ConsultaTerapiasAvanzadas antes do **1 de agosto do 2026**.

O formulario recolle información relativa ós datos do axente, o tipo de tecnoloxía da solución e a sua fase de desenvolvemento, o interese do axente en colaborar co SERGAS e protección de datos. Está aberto a tódalas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, con interese en participar e aportar ideas no ámbito das terapias celulares avanzadas.

O Servicio Galego de Saúde poderá contactar cos participantes para a obtención de información ou para a aclaración de dúbidas.

Para presentar o proxecto e o instrumento de compra ós axentes potencialmente interesados en participar na consulta pública, o 29 de xuño realizouse un **webinar**. Pódese consultar a gravación completa no seguinte enlace: PRECIASAÚDE Compra Pública Precomercial de Terapias Celulares Avanzadas

Contidos relacionados

Consulta pública reto terapias celulares avanzadas do plan de innovación PRECISAÚDE (data límite 1 agosto 2026)

Este luns celebrouse o webinario da consulta pública para a definición de requisitos e estratexia de contratación pública de innovación do reto de novas terapias avanzadas do proxecto PRECISAÚDE

Solucións innovadoras de terapias avanzadas

Consulta pública reto terapias celulares avanzadas do plan de innovación PRECISAÚDE (data límite 1 agosto 2026)